

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TOURO

Aprobación do padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2025

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2025/X006/000052 Aprobación do Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2025, aprobouse o Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2025.

ANTECEDENTES

Censo elaborado para a confección do padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo para o exercicio 2025, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBXETOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2025	76.020,00 euros	1850

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida domiciliaria do lixo.

ACORDO:

Primeiro. Aprobar o padrón de contribuíntes da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo correspondente ao exercicio 2025, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBXETOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2025	76.020,00 euros	1850

Segundo. Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón durante un período de 15 días computados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. Esta exposición dende a publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e durante o período os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Terceiro. O período de cobramento en período voluntario abranguerá entre o 1 de setembro e o 17 de novembro de 2025. Transcorrido este prazo iniciárase o período executivo e da débeda resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, percibíndose as recargas e demais conceptos esixibles en aplicación dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Cuarto. Contra as liquidacións que se inclúen no padrón os interesados poderán interpoñer o recurso de reposición previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 no prazo dun mes, ante a Alcaldía e contra a súa denegación, recurso contencioso administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto; segundo o preceptuado no artigo 46.1 da Lei 29/98, de 13 de Xullo; reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime oportuno.

Touro, 16 de xuño de 2025.

Roberto Castro Rocamonde, Alcalde-presidente.